



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal

www.ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL:01150682

RELG:MU2000/15

## **1.- BASES DO ENTROIDO 2020 DO CONCELLO DE PONTECESO: XXVI CERTAME DE DESFILE DE DISFRACES**

Coa finalidade de promover e recuperar unha festa tradicional popular como é o Entroido, o departamento de Cultura do Concello de Ponteceso convoca este desfile de acordo coas seguintes bases:

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO DESFILE**

O presente desfile ten como finalidade promover e recuperar a festa tradicional popular do Entroido que realizan as comparsas e público en xeral no desfile do domingo 23 de febreiro, na praza do Relleno e pavillón municipal de Ponteceso, de 17.00 a 22.00 h, aproximadamente, organizado pola concellería de Cultura do Concello do Ponteceso.

### **SEGUNDA. PARTICIPANTES**

Poderán participar tódalas persoas que o desexen.

### **TERCEIRA. CATEGORÍAS**

#### **TERCEIRA.1.– CATEGORÍA DE DISFRACES**

Nos desfiles infantís non será preciso inscribirse. Os nenos e as nenas de ata doce anos con disfraz poderán participar no desfile marcado pola organización.

#### **TERCEIRA. 2.– CATEGORÍA DE COMPARSAS**

Hai tres categorías segundo o número de compoñentes: once ou máis persoas, de seis a dez integrantes e de cinco ou menos membros.

#### **TERCEIRA .3.– CATEGORÍA DE CARROZAS**

As categorías son as mesmas que para as comparsas.

Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal.

#### CUARTA. INSCRICIÓN NO DESFILE DO 23 DE FEBREIRO PARA CARROZAS E COMPARSAS

Presentación da solicitude de xeito presencial ou telemática (sede@ponteceso.gal), no rexistro do Concello, dende o día seguinte o da publicación destas bases no BOP e rematará ata o 21 de febreiro ás 12.00 h., sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Ponteceso.

Os grupos e carrozas, ademais, deberán presentar a seguinte documentación:

##### Entidade legalmente constituída:

- Solicitude de inscrición
- Fotocopia do CIF
- Fotocopia do DNI do representante legal da asociación.
- Certificación bancaria do nº de conta (deberá coincidir cos datos da solicitude)

**Entidade NON legalmente constituída:** Enténdese como tal aquela agrupación de persoas que carecen de personalidade xurídica e que non obtivesen o correspondente CIF en Facenda. As actuacións con estas agrupacións faranse coa persoa que se destine como representante ou solicitante e que será a que asuma a totalidade das responsabilidades fiscais e ante o Concello pola participación nesta convocatoria.

- Solicitude de inscrición.
- Fotocopia do DNI do representante legal da agrupación.
- Certificación bancaria do nº de conta (deberá coincidir cos datos da solicitude)
- Relación de persoas que integran a agrupación con nome e apelidos de todas elas.

A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter da Axencia tributaria estatal datos sobre o cumprimento das súas obrigas con esta. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiadas están ao corrente das súas obrigas coa AEAT e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.

O departamento de Cultura xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local, tanto as legalmente constituídas como os representantes das restantes agrupacións.

Polo que respecta aos desfiles infantís, non será preciso inscribirse. Os nenos e nenas de ata doce anos con disfraz poderán participar no desfile marcado pola organización.

#### QUINTA. PREMIOS

Para este concurso a concellería de Cultura establece os seguintes premios con cargo a aplicación orzamentaria 2020.334.480.00 a cal dispón de crédito orzamentario ata o importe de 3.000,00 € (TRES MIL EUROS)

11 OU + PERSOAS	6 A 10 PERSOAS	PERSOAS	AXUDA ESPECIAL
180 €	120 €	70 €	300 € (non acumulable) a que sexa considerada, polas propios participantes, como a mellor.

\* existe un máximo de 3.000 € para o total das gratificacións que serán entregadas cun cheque simbólico e cobradas por transferencia bancaria despois da debida xustificación (no caso de que haxa un maior número de participantes, este importe repartirase en proporción e diminuirían as cantidades máximas a percibir).

Non son acumulativos, só unha por participante/grupo.

## **SEXTA. PAGO DOS PREMIOS**

O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

Polo que respecta aos desfiles infantís, os nenos e nenas de ata doce anos con disfraz recibirán un paquete de lambetadas segundo existencias.

## **SÉTIMA.- ASPECTOS XERAIS**

- É obrigatorio, para optar ás gratificacións económicas, facer o pasacalle con saída da praza do Relleno ata o pavillón municipal (se chove suspéndese e iremos directamente para o pavillón), subir ao palco a representar unha actuación non superior a 4´ de duración (musical, teatral, etc. presentando, no momento da inscrición, a gravación musical ou o material necesario para a actuación) ou ben realizar unha exhibición das carrozas ou doutros acompañamentos.
- A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas colocaranse no patio superior ó pavillón durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.
- A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias.
- Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.
- Aquelas que se presenten no mesmo día terán que consultar coa organización a posibilidade de participar e sempre cumprindo cos requisitos das bases establecidas.

## **OITAVA.- ACEPTACIÓN DAS BASES.**

A participación no concurso do Entroido 2020 en Ponteceso implica o coñecemento e aceptación destas bases así como a autorización para a publicación e uso das imaxes e vídeos orixinados neste evento cultural.

Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable

## **NOVENA. - INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.**

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello do Ponteceso. O representante da agrupación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a [correo@ponteceso.gal](mailto:correo@ponteceso.gal) ou por correo ordinario ó Concello do Ponteceso (rúa do Concello, 18, 15110, Ponteceso (A Coruña)).

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO XXVI DESFILE DE DISFRACES 2020

Unha vez lidas as condicións da participación no XXVI Desfile de Disfraces do Concello de Ponteceso, e aceptándoas, desexo participar:

TÍTULO DA OBRA:

BREVE DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN :

DEIXO CD OU OUTRO MATERIAL PARA A INTERPRETACIÓN (máx. 4´):

Nº DE PARTICIPANTES (NO CASO DE NON SER ASOCIACIÓNS DEBERÁN CONSTAR O NOME E APELIDOS DE TODOS OS INTEGRANTES):

NOME, ENDEREZO E FOTOCOPIA DO DNI/CIF DO/A RESPONSABLE/REPRESENTANTE:

CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA:

CONTACTO:

Coa sinatura dos representantes autorízase ao Concello de Ponteceso á divulgación das fotografías que se realicen neste evento cultural. No caso contrario sinale o recadro que segue:  non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo.

Máis información 630907124 (Cultura)

Ponteceso, de febreiro de 2020

Asina:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal

www.ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL:01150682

RELG:MU2000/15

## **1.- BASES DO I CONCURSO DE DOCES ENTROIDEIROS DO CONCELLO DE PONTECESO**

Coa finalidade de promover e recuperar unha festa tradicional popular como é o Entroido, o departamento de Cultura do Concello de Ponteceso convoca este concurso de acordo coas seguintes bases:

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONCURSO**

O presente concurso ten como finalidade promover e recuperar a festa tradicional popular do Entroido que realizan as entidades e público en xeral no baile de disfraces do martes 25 de febreiro, no pavillón municipal de Corme, de 17.30 a 21.00 h, aproximadamente, organizado pola concellería de Cultura do Concello do Ponteceso.

### **SEGUNDA. PARTICIPANTES**

Consistirá na presentación de doces entroideiros no que poderán participar tódolos públicos que se inscriban previamente.

### **TERCEIRA. INSCRICIÓN NO I CONCURSO DE DOCES DO 25 DE FEBREIRO PARA CARROZAS E COMPARSAS**

Presentación da solicitude de xeito presencial ou telemática (sede@ponteceso.gal), no rexistro do Concello, dende o día seguinte o da publicación destas bases no BOP e rematará ata o 21 de febreiro ás 12.00 h., sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Ponteceso.

Os candidatos/as deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitude de inscrición (no caso dos menores de idade terá que constar o responsable adulto)
- Fotocopia do DNI
- Certificación bancaria do nº de conta (deberá coincidir cos datos da solicitude)

A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter da Axencia tributaria estatal datos sobre o cumprimento das súas obrigas con esta. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiadas están ao corrente das súas obrigas coa AEAT e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.

O departamento de Cultura xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local, tanto as legalmente constituídas como os representantes das restantes agrupacións.

Polo que respecta aos desfiles infantís, non será preciso inscribirse. Os nenos e nenas de ata doce anos con disfraz poderán participar no desfile marcado pola organización.

## CUARTA. CATEGORÍAS

CATEGORÍA DE PROFESIONAIS DA HOSTELERÍA

CATEGORÍA DE AMATEURS

CATEGORÍA INFANTIL ( = <14 ANOS )

## QUINTA. PREMIOS

Para este concurso a concellería de Cultura establece os seguintes premios con cargo a aplicación orzamentaria 2020.334.480.00 a cal dispón de crédito orzamentario ata o importe de 450,00 € (CATROCENTOS CINCUENTA EUROS)

PROFESIONAIS DA HOSTELERÍA	AMATEURS	INFANTIL ( = < 14 anos )
1º PREMIO: 75 € 2º PREMIO: 50 € 3º PREMIO: 25 €	1º PREMIO: 75 € 2º PREMIO: 50 € 3º PREMIO: 25 €	1º PREMIO: 75 € 2º PREMIO: 50 € 3º PREMIO: 25 €

**\* os premios serán entregados cun cheque simbólico e cobrados por transferencia bancaria despois da debida xustificación. Non son acumulativos, só unha por participante.**

## SEXTA. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O sistema de puntuación que o xurado utilizará no concurso estará composto polos seguintes apartados e puntuacións:

- presentación: de 0 a 1 puntos
- orixinalidade e creatividade: de 0 a 1 puntos
- sabor: de 0 a 1 puntos

## SÉTIMA. XURADO

O xurado valorará os pratos entroideiros e estará formado por:

- concelleira de Cultura como presidenta
- dúas persoas convidadas do mundo da hostalaría
- actuará como secretario/a un/unha traballador/a do Concello do Ponteceso.

En calquera dos premios poderanse declarar desertos e se o xurado o considera oportuno. Dita decisión será inapelable e farase pública coa lectura da acta despois do desfile no baile de disfraces a celebrar o mesmo día 25 de febreiro.

## OITAVA. PAGO DOS PREMIOS

O pagamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

Polo que respecta aos desfiles infantís, os nenos e nenas de ata doce anos con disfraz recibirán un paquete de lambetadas segundo existencias.

## **NOVENA. RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

A decisión do xurado elevarase ao órgano competente para aprobalo. O órgano competente poderá rexeitar aqueles premiados que non cumpran coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento e en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro de 2020.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Xunta de Goberno no prazo dun mes ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo recurso Contencioso-Administrativo no prazo de tres meses dende a notificación da mesma.

## **DÉCIMA.- ASPECTOS XERAIS**

- Os doces de entroido recolleranse no pavillón municipal de Corme o martes 25 de febreiro de 17.30 a 18.30 horas.
- Os pratos deberán traer o nome do/a participante, o listado de ingredientes e receita da elaboración. Ademais, os doces presentados deben ter un mínimo de media ducia ou medio quilo, e serán cedidos para a posterior degustación.
- O xurado, formado por persoal da área de Cultura do Concello e/ou outros invitados/as colaboradores/as, valorará tanto a presentación e orixinalidade como o sabor dos doces.
- En calquera dos premios poderanse declarar desertos e se o xurado o considera oportuno. A dita decisión será inapelable e farase pública coa lectura da acta despois do desfile no baile de disfraces a celebrar o mesmo día 25 de febreiro.
- Aqueles que se presenten no mesmo día terán que consultar coa organización a posibilidade de participar e sempre cumprindo cos requisitos das bases establecidas.

## **UNDÉCIMA.- ACEPTACIÓN DAS BASES.**

A participación no concurso do Entroido 2020 en Ponteceso implica o coñecemento e aceptación destas bases así como a autorización para a publicación e uso das imaxes e vídeos orixinados neste evento cultural.

Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable

## **DUODÉCIMA. - INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.**

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello do Ponteceso. O representante da agrupación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a [correo@ponteceso.gal](mailto:correo@ponteceso.gal) ou por correo ordinario ó Concello do Ponteceso (rúa do Concello, 18, 15110, Ponteceso (A Coruña)).

## **ANEXO I**

### **SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO I CONCURSO DE DOCES ENTROIDEIROS 2020**

Unha vez lidas as condicións da participación no I Concurso de Doces Entroideiros do Concello de Ponteceso, e aceptándoas, desexo participar:

PARTICIPANTE/S:

DOCE ENTROIDEIRO:

NOME, ENDEREZO E FOTOCOPIA DO DNI DO/A RESPONSABLE:

CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA:

CONTACTO:

Coa sinatura dos representantes autorízase ao Concello de Ponteceso á divulgación das fotografías que se realicen neste evento cultural. No caso contrario sinala o recadro que segue:  non autorizo cesión de imaxe.

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo.

Máis información: 630907124 (Cultura)

Ponteceso,            de febreiro de 2020

Asina: